

Un cento de historias


ENSAIO A intención de Antonio Reigosa foi a de facer un libro divulgativo cunha mostra das tradicións oral e menciñeira libre das clasificacións académicas.

Camiño Noia *Texto*

Antonio Reigosa é hoxe o referente principal no ámbito da literatura oral galega. Leva preto de vinte e cinco anos a traballar na recollida, clasificación e publicación do patrimonio galego da oralidade. Nos inicios, como membro do Equipo Chaira, percorreu os concellos da Pontenova e de Abadín recollendo material a centos de informantes; do que só foi publicado unha pequena parte en: *Polavila na Pontenova* (1998) e *Da fala dos brañeiros* (2004). Con Xoán R. Cuba e Xosé Miranda, participou na extensa colección de contos “O cabalo buligán”, no *Dicionario de seres míticos* (1999) e en *Contos colorados* (2001).

Asina como único autor: *Guía ilustrada da Galicia invisible* (2010), *Trece noites, treces lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011), entre outras obras. E hai que salientar a creación da páxina de internet *Galicia encantada. Enciclopedia da fantasía popular de Galicia* que inicia o ano 2005 e que durante os dez anos de vida non deixou de medrar en contidos e calidade. Un banco que atesoura o patrimonio galego inmaterial, imprescindible para a súa conservación e divulgación. Porque os contos, as lendas, os ditos, as crenzas e todo o referente á vida social das nosas aldeas está en proceso de extinción, ó tempo que desaparecen as e os contadores e que os lugares perden o seu nome, esquecidos baixo a frondosidade da vexetación ou arrasados polo cemento e o chapapote.

Unha breve mostra desa excelente enciclopedia virtual ofrécenola Reigosa no libro *Galicia encantada*, co que se “pretende render unha



Galicia encantada.
O país das mil e unha fantasías.
Antonio Reigosa (ed.)
Xerais, 2014

**Unha breve mostra
desa excelente
enciclopedia que é a
páxina de internet
Galicia encantada.
Enciclopedia da
fantasía popular de
Galicia ofrécenola
Reigosa. Un banco que
atesoura o patrimonio
galego inmaterial,
imprescindible para a
súa conservación e
divulgación.**

homenaxe a toda a xente que colaborou” no proxecto virtual. Mais é tamén un bo utensilio de información sobre crenzas e contos tradicionais

que facilita o seu achegamento a un público aínda non avezado no manexo da internet. Porén, para quen frecuenta a enciclopedia virtual e estea afeita á súa inmensidade, os cento e pico de relatos do libro sábenlle a pouco. Os contos, as lendas e as crenzas están repartidas en vinte e oito apartados por orde alfabética segundo o tema tratado (o alén, as augas, os cocos, o demo, a morte, as pedras, seres míticos, tesouros...). Mais tamén figuran apartados co epígrafe de “contos”, “lendas urbanas”, “medicina tradicional” ou “toponimia”, cuxos relatos poden tratar do alén, de sereas que viven nas augas, de plantas, do demo ou da morte... É dicir que, ademais de crenzas populares, en calquera dos outros apartados da serie insírense contos e lendas.

O libro remata a serie alfabética cun apartado sobre xogos tradicionais, e complétase con outros dous fóra da orde: “Sabías que...” sobre curación e prevención de doenzas con métodos populares e “Poéticas do imaxinario” con poemas inspirados en lendas e unha lenda de mouras.

A disposición do material seleccionado indúceme a pensar que a intención de Reigosa foi a de facer un libro divulgativo cunha mostra das tradicións oral e menciñeira libre das clasificacións xenéricas utilizadas en traballos académicos. E leva razón. O importante é darlle visibilidade ó noso patrimonio da antigüidade, sexa a narrativa que compartimos con outras tradicións sexan crenzas, lendas ou os seres fantásticos da tradición galega.